



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Lage Tuñas, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Nos últimos tempos vemos como se está a traballar dende o Goberno de Galicia para combater as situacións de desorde urbanístico que se producen no noso país.

En varias ocasións, diferentes cidadáns do Concello de Ribeira teñen solicitado deste deputado, que recabe información das autoridades competentes ao respecto das posibles infraccións urbanísticas que se estarían cometendo no núcleo de Corrubedo, no Concello de Ribeira.

Tendo en conta a importancia da protección do noso litoral e máis se temos en conta o entorno do que estamos a falar, no que temos un Parque Natural, ademais de ter en conta o necesario cumprimento da lexislación en materia de ordenación urbanística e protección do medio, considero relevante coñecer as actuacións da Dirección Xeral de Urbanismo a este respecto.


Cónstame do compromiso do Goberno galego e do seu Presidente en todo o que atinxe á protección do medio natural, ao desenvolvemento sostible e ao cumprimento da lexislación urbanística.

Polo anteriormente exposto, o deputado que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.- ¿Existe algún expediente aberto por parte da Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia por posibles infraccións urbanísticas no núcleo de Corrubedo (Ribeira)?

2.- De existir algún, ¿cantos son os expedientes abertos e de que tipo?



 Grupo Parlamentario

3.- ¿Cal é a actuación da Dirección Xeral de Urbanismo nestes casos?


Partido dos
Socialistas
de Galicia

4.- ¿Que información ten transmitido o Concello de Ribeira á Dirección Xeral de Urbanismo con respecto ás posibles infraccións urbanísticas no núcleo de Corrubedo?

Pazo do Parlamento, 27 de Setembro de 2006

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:
José Manuel Lage Tuñas na data 05/10/2006
13:18:44

Partido dos
Socialistas
de Galicia